



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VOGAIS

D. Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da provincia)

Dna. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

VOGAIS REPRESENTANTE DA CMVMC DE SAN XOAN DE BAION

D. Emilio Villanueva Lede
D. Jose Mª Pedrouzo Millos
D. Tomás Romero Diz

SECRETARIA

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 19/08/10, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Laóreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación dos montes denominados “**Monte Cabalos**” solicitado a prol da **CMVMC de san Xoán de Baión**, parroquia de Baión, do concello de Vilanova de Arousa

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 24/11/09, D. Emilio Villanueva Lede, na súa condición de presidente da CMVMC de San Xoán de Baión, do concello de Vilanova de Arousa, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado “*Cabalos*” como veciñal en man común a prol dos veciños da CMVMC de San Xoán de Baión, parroquia de Baión (Concello de Vilanova de Arousa), acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

SEGUNDO.- En data do 25/11/09 o informe de topografía sinala, entre outras cousas, que o PXOM de Vilanova cualifica esta parcela como solo de protección forestal. Respecto do límite municipal este varía segundo se tome en consideración o PXOM do concello de Vilagarcía ou o de Vilanova, ubicando a parcela, segundo un ou outro, en todo ou en parte no concello solicitante.



No primeiro informe topográfico, aínda que se di: “.. *un anaco da parcela situada polo solicitante no concello veciños de Vilagarcía está clasificada a favor da CMVMC de Rubiáns*”, hai que ter en conta que esta información procede de un montaxe a afectos ilustrativos, da cartografía achegada polo promotor sobre a carpeta ficha (1:25.000), e que ten un nivel de precisión moi escaso e meramente orientarivo, e incluso costa apreciar este anaco na superposición

TERCEIRO.- O Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión de 26/11/09, incoar expediente de clasificación do devandito monte a prol da CMVMC de San Xoán de Baión, tendo en conta que a planimetría achegada é suficiente para a súa identificación e que superficie solicitada non estaría clasificada se atende a cartografía aportada polo solicitante, así como os datos facilitados polo Rexistro de Montes Veciñais en Man común referente aos montes xa clasificados. Sobra dicir que a propiedade non pode pasar de unha colectividade a outra pola simple razón de que o límite municipal non coincida co contorno máis antigo da parroquia.

CUARTO.- O informe da Sección de topografía de data 02/02/10 sinala que “Unha vez recibidos os datos xeográficos do IGN, onde se reficte nas actas realizadas en data 11/04/02 o límite oficial entre os concellos de Vilanova de Arousa e Vilagarcía, comprobase que a parcela denominada “Monte Cabalos” atopase toda ela dentro do concello de Vilanova de Arousa. Esta parcela non está clasificada”

QUINTO. De conformidade co establecido no artigo 20 de Decreto 260/1992 solicita informe preceptivo do Servizo de Montes e Industrias Forestais. En data do 15/02/10 o Distrito XIX emite o correspondente informe no que convén salientar as seguintes observacións realizadas en relación á situación e estado da parcela afectada pola clasificación:

Que “ ...A parcela está poboada por una mestura mais de especies arbóreas, cales son *Pinus pinaster*, *Eucaliptos globulus* e *Quercus suber*, con maior ou menor dominancia territorial de cada unha dela segundo as zonas.” Que “ se observan na actualidade traballos silvícolas de apertura de rúas en labores de axuda á rexeneración tras incendio forestal (2006), nas áreas poboadas por brotes de eucalipto e rexenerado de sementeira de piñeiro (monte bravo)” e que “ testemuñas recollidas a Axentes forestais da zona indican que as devanditas accións silvícolas foron promovidas pola Comunidade de Baión recentemente e con fondos propios.”

SEXTO.- O Rexistrador da Propiedade de Vilagarcía de Arousa, certifica con data 17/03/10, que o monte solicitado non aparece inscrito a nome de persoa algunha.

SETIMO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de Montes, o monte obxecto do presente expediente, obedece á seguinte descrición:

CONCELLO: VILANOVA DE AROUSA
PARROQUIA: SAN XOÁN DE BAIÓN

NOME DO MONTE: “CABALOS”

Cabida: 8,92 Has. (superficie alegada na solicitude)



Lindes:

Norte: Pista forestal, propiedades e límite municipal de Vilagarcía de Arousa (*segundo as actas realizadas o 11 de abril de 2002 polo, Instituto Geográfico Nacional (IGN)*)

Leste: Pista forestal e propiedades particulares

Sur: Propiedades particulares

Oeste: Límite municipal de Vilagarcía de Arousa (*segundo as actas realizadas o 11 de abril de 2002 polo, Instituto Geográfico Nacional (IGN)*)

OITAVO.- Realizadas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, presentan alegación ao expediente D. Belén Raposo Pérez en nome e representación da CMVMC de Rubiáns, alegando en síntesis :

- 1º. Que a superficie que se reclama xa está clasificada a favor da CMVMC de Rubiáns (Resolución do Xurado de data 18/11/1981), e
- 2º. Que os veciños de Baión non aproveitaron nunca a parcela cuxa clasificación se insta.

Presenta alegacións o concello de Vilagarcía de Arousa, alegando que visto o escrito presentado por Don Ramón Fandiño Navia, en representación da CM Cornazo Solobeira, en relación co expediente de clasificación do monte veciñal en man común de Montes Cabalos, no que informa que a comunidade é propietaria dunha superficie de 2 has. no citado monte, a Xunta de Goberno Local do Concello acorda en sesión que tivo lugar o 04/05/10 apoiar a reivindicación da superficie citada a nome da CM de Cornazo Solobeira.

Finalmente, achega alegacións o promotor do expediente, reiterando a solicitude de clasificación do monte Cabalos a favor da CMVMC de Baión ao concorrer tódolos requisitos esixidos no art. 1 da lei 13/1989.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro compre entender por montes veciñais en man común "*... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños*".



Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- Por outra banda, de conformidade co artigo 5 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes, **considerase monte** : “ *todo terreno en el que vegetan especies forestales arbóreas, arbustivas, de matorral o herbáceas, sea espontáneamente o procedan de siembra o plantación, que cumplan o puedan cumplir funciones ambientales, protectoras, productoras, culturales, paisajísticas o recreativas.*

Tienen también la consideración de monte:

- a. *Los terrenos yermos, roquedos y arenales.*
- b. *Las construcciones e infraestructuras destinadas al servicio del monte en el que se ubican.*
- c. *Los terrenos agrícolas abandonados que cumplan las condiciones y plazos que determine la comunidad autónoma, y siempre que hayan adquirido signos inequívocos de su estado forestal.*
- d. *Todo terreno que, sin reunir las características descritas anteriormente, se adscriba a la finalidad de ser repoblado o transformado al uso forestal, de conformidad con la normativa aplicable.*
- e. *Los enclaves forestales en terrenos agrícolas con la superficie mínima determinada por la Comunidad Autónoma.”*

E non se consideran monte:

- f. *Los terrenos dedicados al cultivo agrícola.*
- g. *Los terrenos urbanos y aquellos otros que excluya la comunidad autónoma en su normativa forestal y urbanística.*

No tendrán la consideración de monte o terreno forestal los terrenos dedicados al cultivo agrícola, el suelo urbano, los núcleos rurales y el suelo urbanizable delimitado, incluyendo el canal y la zona de dominio público hidráulico de estos suelos, y los excluidos por la normativa vigente, así como los terrenos rústicos de protección agropecuaria...”

Considerando tamén o artigo 2 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, **considerase monte**: “*..todo terreno en el que vegetan especies forestales arbóreas, arbustivas, de matorral o herbáceas, sea espontáneamente o procedentes de siembra o plantación, que cumplan o puedan cumplir funciones ambientales, protectoras, productoras, culturales, paisajísticas o recreativas.*

Cuarto.- De conformidade co PXOM de Vilanova o solo que ocupa a parcela solicitada ten a clasificación de **solo rústico de protección forestal**, polo que non incumpre o previsto no artigo 32/2b, da Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.



Quinto.- Para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de xeito continuado, así o establece artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de forma mancomunada (STS de 07/03/01).

Sexto.- Deste xeito, e a vista da numerosa documentación que obra no expediente considerase de especial relevancia, para valorar e acreditar a condición veciñal do monte solicitado, a seguinte documentación: de xeito moi significativo, o informe preceptivo emitido polo Distrito Forestal XIX no que pode apreciarse o uso é aproveitamento que veñen facendo os veciños da parroquia de Baión "...A parcela está poboada por una mezcla mais de especies arbóreas, cales son *Pinus pinaster*, *Eucaliptos globulus* e *Quercus suber*, con maior ou menor dominancia territorial de cada unha dela segundo as zonas." e engade, "obsérvanse na actualidade traballos silvícolas de apertura de rúas en labores de axuda á rexeneración tras incendio forestal (2006), nas áreas poboadas por brotes de eucalipto e rexenerado de sementeiras de piñeiro (monte bravo)"


E pon de manifesto que "testemuñas recollidas a Axentes forestais da zona indican que as devanditas accións silvícolas foron promovidas pola Comunidade de Baión recentemente e con fondos propios."

Figuran así mesmo no expediente varias declaracións xuradas de veciños da parroquia de Baión na que manifestan na súa condición de tal, que lle consta que o mencionado monte foi dende tempo inmemorial e ata a actualidade posuído e aproveitado de forma colectiva polos veciños de ese lugar, realizando aproveitamento sen asignación de coutas sobre o monte (tales como madeira, estrume, toxo) e que o aproveitamento se veu realizando de maneira exclusiva por parte dos veciños de Baión.

Outros documentos acreditan un aproveitamento mais recente como poden ser as facturas de tratamentos silvícolas xunto coa súa planimetría, permiso de corta, e todo isto dentro do perímetro do monte solicitado.

Todos estes datos veñen avalados ou reforzados por unha ampla documentación histórica, a saber:

- Copia do Catastro do Marqués da Ensenada, que ubica o monte Cabalos na parroquia de Baión, sinalando en relación a Feligresía de San Xoán de Baión, 1752 "ten monte inculto, por natureza que deriva os seus nomes de Mosorín, Serantes, Cavalos, Pena Carva ..."
- Copia da inscrición no Inventario do Patrimonio Municipal do Concello de Vilanova de Arousa do monte Cabalos, ubicando na parroquia de Baión, cunha superficie 10 has. e no que se determina que a natureza do dominio do citado monte é como comunal.



- Nota simple informativa do Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa no que consta inscrición do monte Cabalo, ubicado na parxe de Baión, de 10 has., a favor do concello de Vilanova de Arousa.
- Copia da notificación do acordo adoptado polo pleno do Concello de Vilanova de Arousa, celebrado o 25/01/ 10, no que comunica ao presidente da CM de Baión, e sendo dita Administración coñecedora de que os montes veciñais estiveron e están aínda inscritos a nome do concello, e coa finalidade de regularizar a propiedade de tales montes a favor do seu lexítimo propietario, insta a que se tramite a resolución de clasificación do monte veciñal co fin de dalos de baixa do inventario municipal de bens.

En definitiva, queda evidenciado que os veciños da parroquia de Baión veñen aproveitando dende tempos inmemoriales e en exclusividade a monte Cabalos, quedando deste maneira desvirtuada a alegación verquída pola representante da CMVMC de Rubians cando afirma que...”os veciños de Baión non aproveitaron nunca a parcela cuxa clasificación se insta.”

Polo que respecta as alegacións do Concello de Vilagarcía de Arousa, e de acordo coa reiterada xurisprudencia existente sobre a materia, (así, entre outras, as SSTS de 12.07.99 , 24.04.2000 e 07/02/01) non corresponde ao Xurado de Montes, entrar a valorar e resolver cuestións de propiedade ou litixios entre particulares relativos a dominio ou demais dereitos reais. O acto de clasificación ciñese a declarar a constatación da existencia do aproveitamento consuetudinario do monte polo grupo social e a reconecer a conseguinte titularidade dese aproveitamento a prol do grupo que o ven disfrutando, ben que ese reconecemento de titularidade poderá ser revisado pola xurisdición ordinaria no tocante a cuestións de dominio e demais dereitos reais sobre os montes, segundo resulta do artigo 13 da Lei 13/89, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Daquela o tema debatido “no debe remitirse a una confrontación de titulaciones y de inscripciones, sino al examen de los distintos elementos obrantes en el expediente para llegar a alcanzar una convicción en uno u otro sentido respecto a la realidad del aprovechamiento” (STSX de Galicia, de 02.11.2000)

Finalmente, e sen prexuízo do exposto ata o momento faise necesario advertir que as alegacións a un expediente de clasificación deben plantexarse ante o Xurado de Montes, que é órgano competente para a tramitación do procedemento de clasificación e non ante o Concello, descoñecendo este instrutor o contido das alegacións nas que basea a CM Cornazo Solobeira as súas pretensións.

Sétimo.- Respecto aos lindes norte e oeste, o informe da Sección de Topografía do Servizo de Montes limitase a constatar que os promotores aportan os *limites administrativos que o Instituto Geográfico Nacional (IGN) fixo o 11 de abril de 2002 como limites dos Concellos de Vilanova e Vilagarcía de Arousa*, e que só deben ser interpretados como os lindes físicos da parcela de monte Cabalos, e sen prexuízo de que poda ser outra a división administrativa dos concellos tanto pasada, presente o como futura.



En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instrutor e o Xurado acorda por unanimidade:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "Cabalos" solicitado a prol da CMVMC de Baión, do Concello de Vilanova de Arousa, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente Resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.


Handwritten signatures and a circular official stamp of the Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, Pontevedra. The stamp contains the text: XUNTA DE GALICIA, XURADO DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, PONTEVEDRA, Consellería do Medio Rural.



Clasificado a favor da CMVMC
de S. Xoán de Baión.

Escala 1:10.000 A-3

Planimetría da resolución de clasificación
do monte denominado "Cabalos".
Parroquia de Baión.
Concello de Vilanova de Arousa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XURADO PROVINCIAL DE MOTES DE PONTEVEDRA



[Handwritten signatures and scribbles]